

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018100	CEIP As Bizocas	O Grove	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	3
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	4
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	4
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	5
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	5
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	5
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	5
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	6
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	6
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	6
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	7
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	7
o) Outros apartados	8

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

No informe DELORS (UNESCO, 1999), a Comisión Internacional para a Educación do século XXI propón catro piares básicos sobre os que debe organizarse a educación dos pobos do mundo:

- Aprender a coñecer.
- Aprender a facer.
- Aprender a convivir.
- Aprender a ser.

Partindo destas premisas é responsabilidade dos centros educativos poñer en marcha un ensino-aprendizaxe que nos permita desenvolver no noso alumnado as competencias necesarias para que poida incorporarse á vida adulta cunha ampla formación básica que o capacite para unha aprendizaxe permanente e de conseguir que contribúa realmente á formación de cidadáns preparados para afrontar os retos que nos esperan.

Somos conscientes de que a educación nos países desenvolvidos atópase inmersa nun proceso de cambio e adaptación. Este proceso de innovación é imparabile e así o reflicten as constantes renovacións das lexislacións educativas. Os centros educativos debemos camiñar cara unha adaptación das novas necesidades e demandas sociais.

No corazón da educación debe estar a transmisión de hábitos e valores e non só os coñecementos curriculares.

Por outra banda, a escola do século XXI non é o único axente que educa, por este motivo debemos implicar a outros axentes socializadores e facilitar as canles para que toda a comunidade educativa asuma responsabilidades de participación.

É a nosa intención conectar os nosos obxectivos coas expectativas e demandas sociais, facendo partícipe ao alumnado, profesorado, familias e comunidade educativa en xeral e actuando especialmente en campos que consideramos esenciais na consecución de parámetros de calidade, equidade e eficiencia:

- Implicación efectiva e esforzo compartido de toda a comunidade educativa.
- Atención á diversidade e prevención das dificultades de aprendizaxe, que concreta e desenvolve o Plan de Atención á Diversidade.
- Fomento da lectura, a escritura e as habilidades de comprensión e expresión da lectoescritura, que se desenvolven a través do Plan Lector.
- Promoción efectiva do plurilingüístico e da cultura, que ten a súa concreción no Proxecto sociolingüístico do Centro.
- Introdución das novas tecnoloxías na aula e na práctica docente, a través da aplicación do Plan Dixital.
- Desenvolvemento das habilidades sociais e hábitos de traballo.
- Fomento da convivencia e da participación, a través do Plan de Convivencia.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

O desenvolvemento e avaliación das competencias do alumnado son entendidas como a adquisición das aprendizaxes imprescindibles desde unha posición integradora e orientada á súa aplicación en contextos e situacións reais.

Están relacionadas, de maneira prioritaria, co saber facer e constitúen o punto de referencia para determinar os procesos de avaliación e a promoción ou permanencia dun alumno ou alumna nun determinado curso.

O propósito final, co apoio do profesorado, debe ser:

- Que aprendan a pensar, a usar procesos creativos, críticos e reflexivos. O alumnado adquire competencia cando é capaz de buscar, seleccionar, tratar a información recibida para crear coñecemento, e finalmente, cando é capaz de aplicar o coñecemento adquirido de maneira autónoma.
- Que adquiren un coñecemento global e contextualizado dos temas, é dicir, integrando as aprendizaxes, relacionándoas cos contidos curriculares doutras áreas, asumíndoos e facéndoos transferibles e aplicables en diversas situacións de ensinanza- aprendizaxe.
- Que aprendan a convivir. Non só cos seus iguais, senón tamén contribuír á calidade e respecto das contornas naturais e sociais de forma crítica, apreciando o valor do que temos e de quen temos ao noso arredor.
- Que adquiren a capacidade de valorar o traballo ben feito. Saber ser e sentirse ben facilitará ao alumnado a motivación para aprender.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Faremos fincapé nos seguintes puntos:

- Principio de igualdade, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos libros de texto e materiais educativos.
- A comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas.
- Promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.
- Terá un peso importante á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

- Garantirase a inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a participación e convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe.
- Desenvolver e asentar as bases que lle faciliten ao alumnado a adquisición das competencias clave, tendo sempre en conta o seu proceso madurativo individual
- Empregarase unha metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa e participativa. Desenvolveranse metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.
- Teranse en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, fomentando o traballo colaborativo e en equipo e potenciando a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Dende o centro plantexámonos os seguintes obxectivos referentes aos recursos:

- Xestionar de forma eficaz todos os recursos dispoñibles, humanos, materiais e económicos, facilitando os procedementos administrativos mediante unha organización rigorosa e eficaz dos medios.
- Crear e utilizar instrumentos eficaces para a difusión da comunicación externa e interna das actividades que se desenvolven no Centro.
- Optimizar a oferta de actividades Complementarias e Extraescolares.
- Manter actualizada de forma permanente a dotación material e instalacións do centro para facilitar unha formación baseada nas tecnoloxías máis innovadoras. Utilizaremos todos os recursos ao noso alcance para conseguir os obxectivos:
- Espazos do centro e próximos ao entorno: patios, aulas, biblioteca, ximnasio, praia, parque, paseo de Pedras Negras, porto, etc.
- Novas tecnoloxías: pantallas interactivas con acceso a internet.
- Visuais: películas, fotografías, carteis, paneis nas aulas coloquiais, paneis nos corredores, etc.
- Materiais que poidamos manipular, experimentar, construír e aplicar os coñecementos nas aulas, na biblioteca e na contorna.
- Recursos humanos: profesorado, persoal non docente, profesionais que visitan o centro nas actividades do Concello, administración educativa, outras administracións públicas.
- Patrimonio cultural, natural e outros recursos da localidade.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

O C.E.I.P. As Bizocas imparte as etapas educativas de educación infantil e educación primaria. Conta con 7 unidades, distribuídas entre as etapas educativas de educación infantil e educación primaria. Polo tanto trátase dun centro de liña 1, cunha aula mixta en E. Infantil e outra no 1º ciclo de E. Primaria. Como Centro de titularidade pública maniféstase aconfesional ofertando a Área de Relixión Católica, aplicando a normativa lexislativa co alumnado que así o solicite e un Proxecto Competencial para os que non elixen esta opción. Tamén se oferta a Área de ed. artística no 1º ciclo de EP en lingua estranxeira.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

As actividades complementarias terán un carácter de participación obligatoria por parte do Claustro por consideralas parte da programación xeral anual do centro e así constará en dito documento de centro.

Planificaranse distintas actividades complementarias ao longo do curso que estarán recollidas na PXA :

- Actividades conmemorativas tal e como se reflicte na Orde de calendario do 20 de maio de 2022: Día da muller, Semana da prensa, Semana das Letras...
- Celebracións de carácter cultural: Samaín, Entroido, Nadal, contacontos temáticos, charlas informativas...
- Saídas pola contorna e visitas de interese para o alumnado.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Será elaborado polo profesorado que imparte a materia ou materias pendentes tal e como se contempla na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

Terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias e adaptarase ás particularidades de cada alumna ou alumno.

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Contidos con RE
- c) Tarefas e actividades a realizar
- d) Instrumentos de avaliación.
- e) Metodoloxía empregada.
- f) Materiais e recursos.
- g) Aspectos a incidir coa familia.

Para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Será elaborado polo equipo docente tal e como se contempla na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, contemplándose os seguintes apartados:

- a) Datos do alumno ou alumna.
- b) Resultados académicos do curso anterior por áreas e competencias clave.
- c) Aspectos relevantes que favorecen ou dificultan a aprendizaxe.
- d) Actuacións e medidas de atención á diversidade no curso actual: ámbitos a reforzar, medidas ordinarias e extraordinarias, actuación do departamento de orientación, outras medidas fóra do horario lectivo e aspectos a incidir na entrevista coa familia.
- e) Profesionais que participan no plan específico de recuperación para o alumnado repetidor.
- f) Actuacións no ámbito curricular, tanto nas áreas con cualificación negativa como positiva.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda.

Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes

1. No caso do alumnado con materias suspensas, aplicarase un Plan específico para o alumnado con materias pendentes. Este plan será elaborado polo profesorado que imparta as materias suspensas ao rematar o curso no que teñen lugar os suspensos e aplicarse no curso seguinte.

2. O alumnado recuperará a materia suspensa en calquera dos seguintes casos:

- Cando supere os obxectivos, criterios de avaliación e competencias recollidos no Plan específico para o alumnado con materias pendentes.

- Cando aprrobe a mesma materia que ten suspensa no curso posterior.

1.2. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa

O alumnado non poderá superar o nivel se non chega ao suficiente en 2 materias.

Excepcionalmente poderá promocionar con ata 3 materias suspensas se o equipo docente, logo de considerar diversos aspectos como o grupo no que se incorporaría, personalidade do alumno/a, grao de madurez, integración no grupo, opinión dos pais/nais ou titores legais,...decida que resultaría mais beneficioso para o seu desenvolvemento global promocionar ao curso/etapa seguinte coas materias suspensas.

Na segunda avaliación tomarase nota do alumnado que poidan estar nesta situación. Unhas semanas antes da avaliación final nunha xuntanza da C.C.P. comentarase a evolución deste alumnado para tomar as medidas que se consideren oportunas antes da avaliación final (información ás familias,...). No caso do alumnado que non promociona aplicarase un Plan específico para o alumnado repetidor. Este plan será elaborado polo equipo docente do grupo ao que pertence ao rematar o curso e aplicarse no curso seguinte.

1.3. Criterios de Titulación

Obterá o título de Educación Primaria o alumnado que supere todas as materias.

Nos casos de alumnado con materias suspensas, o equipo docente poderá decidir a obtención do título, sempre que se cumpran as condicións seguintes:

a) Que non supere un máximo de 2 materias suspensas e a media final aritmética das cualificacións obtidas sexa igual ou superior a cinco. Excepcionalmente podería titular ata con 3 materias suspensas cando o equipo docente, logo de considerar diversos aspectos como o grupo no que se incorporaría, personalidade do alumno/a, grao de madurez, integración no grupo, opinión dos pais/nais ou titores legais,...decide que resultaría mais beneficioso para o seu desenvolvemento global a promoción.

b) Que teña adquiridas as competencias establecidas.

c) Que teña acadados os obxectivos de nivel e de etapa.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Este recoñecemento poderá se concedido a aquel alumnado que ao finalizar a etapa de Primaria obteña unha cualificación de sobresaínte (9 ou 10) na avaliación ordinaria nalgunhas materias en tódolos curso da etapa, demostrando un rendemento académico excelente en ditas materias, en función da lexislación vixente.

A obtención da Mención Honorífica deberá quedar reflectida no expediente e historial académico, así como na acta de avaliación final de etapa do alumnado.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Cada docente elaborará unha programación didáctica na aplicación PROENS para cada área curricular cos seguintes apartados:

a) Introducción.

b) Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

c) Unidades didácticas

c.1) Relación de unidades didácticas.

c.2) Distribución do currículo nas unidades didácticas.

c.3) Avaliación das unidades didácticas.

d) Metodoloxía

d.1) Concrecións metodolóxicas.

d.2) Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación

e.1) Procedemento para a avaliación inicial.

e.2) Criterios de cualificación e recuperación.

e.3) Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

e.4) Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Elementos transversais e actividades complementarias.

g.1) Concreción dos elementos transversais.

g.2) Actividades complementarias.

h) Avaliación da programación.

h.1) Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

h.2) Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora.

i) Orientacións pedagóxicas: liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

No centro lévanse a cabo diferentes plans e programas:

a) Plan de lectura: concretarase anualmente na PXA a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

b) Plan dixital: concíbese como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe concretarase na PXA a través das correspondentes actuacións.

c) Plan proxecta: Plan de actividades físicas e hábitos saudables: ten como finalidade a práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa, saudable e autónoma por parte das alumnas e dos alumnos, e que se concretará anualmente na PXA a través das correspondentes actuacións.

d) Plan proxecta Donas de sí: queremos facilitarlle ao alumnado experiencias vivenciais e prácticas. Levaranse a cabo diferentes obradoiros/talleres axustando o traballado aos diferentes niveles educativos. En datas sinaladas como o 25 de novembro, 11 de febreiro e o 8 de marzo realizaremos diferentes actividades para que o alumnado se implique e traballe sobre o que significan estas datas.

e) Contratos-Programa Innova EDU saúde: o entorno natural permítenos ser especialmente sensibles aos cambios producidos pola contaminación, ademais de contar cunha comunidade educativa estreitamente relacionada co mar. Temos, polo tanto, unha labor importante na comunidade educativa para o coñecemento e consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible.

f) Contratos-Programa Innova EDU sostibilidade: Coidar o entorno e o medio ambiente. Coñecer o impacto do cambio climático na nosa contorna. Concienciar acerca da importancia do desenvolvemento sostible para o noso futuro. Dar a coñecer a problemática que viven moitos seres vivos (aves e fauna marina especialmente) debido á contaminación. Levar a cabo e aprender a reusar e reciclar. Coñecer a permacultura e os seus beneficios a través de propostas reais e prácticas. Realizar retos cooperativos a nivel de aula con temática baseada no desenvolvemento sostible.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A concreción curricular ten que estar en constante revisión xa que a educación debe atender ás demandas dunha realidade social cambiante e ir ofrecendo respostas acordes cos novos coñecementos aportados polas Ciencias da Educación.

Cada final de curso levarase a cabo unha análise e en base a esta presentaranse propostas de mellora na Comisión de Coordinación Pedagóxica que se terán presentes para a elaboración da concreción curricular para o vindeiro curso.

o) Outros apartados

1. Outros apartados

Outros apartados